



CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA (NARÓN)

R/ Marcial Calvo, 1
15570 Xuvia - Narón (A CORUÑA)
Tlf./fax: 981 38 30 20
E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es

Estimados Pais, nais e titores:

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, mediante a Orde do 28 de outubro de 2021 (DOG 12 de novembro), regula os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería e en centros privados concertados no curso 2021-2022 (código do procedemento ED330E).

NON TERÁ QUE PRESENTAR SOLICITUDE O ALUMNADO QUE FOSE BENEFICIARIO DA AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR NO CURSO 2021-2022.

A solicitude, segundo Anexo I de dita Orde, deberá ser presentada polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que non presentou solicitude de material escolar en tempo e forma ou resultou excluída.

A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/2022; se están admitidos en centros distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros.

As solicitudes deberán presentarse presencialmente no centro docente onde estea matriculado o alumno/a utilizando o formulario normalizado (Anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Tamén estará dispoñible no centro docente e no portal educativo enderezo <https://www.edu.xunta.gal>.

O prazo para presentar as solicitudes abrangue do 15 ata o 26 de novembro.

Documentación complementaria:

- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)
- Copia do libro de familia ou documento acreditativo do número de membros computables. No caso de separación ou divorcio, achegar tamén a sentenza xudicial e/ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Certificado do grado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia reconhecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- Documentación xustificativa da situación de violencia se xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde reside a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.

Non será necesario achegar os documentos que xa presentase a persoa interesada xunto á solicitude de material escolar 2021-2022.

ANTE CALQUERA DÚBIDA CONSULTAR NA SECRETARÍA DO CENTRO.

Xuvia-Narón 15 de novembro 2021